

## **PREMIO LITERARIO “ARCEBISPO JUAN DE SAN CLEMENTE”**

Un grupo de ex alumnos e alumnas do IES de Melide foron convidados á entrega do premio literario Arcebispo Juan de San Clemente, celebrada o xoves 22 de marzo, no salón de actos do IES Rosalía de Castro. Este premio de narrativa propón converter a alumnos de Bacharelato en protagonistas á hora de outorgar un Premio Literario xa que o Xurado está formado por alumnos de Bacharelato do Instituto “Rosalía de Castro” de Santiago e de catro Institutos máis de Galicia, elixidos ó chou.

Na edición XVII, foi elixido o IES de Melide e os alumnos tiveron que ler as novelas finalistas para despois outorgar o premio a unha de elas en cada modalidade: Novela Galega, Novela Castelá e Novela Estranxeira,

No día da entrega do Premio os alumnos foron os auténticos protagonistas do acto e cada xurado comparteu mesa e mantel, nunha cea celebrada no Hostal dos Reis Católicos, co escritor premiado.

Fran Carril e Doa Laya, compartiron mesa con Xulia Alonso, gañadora coa súa obra “Futuro Imperfecto”; M<sup>a</sup> José Parrado e Eva Vázquez disfrutaron dunha amena cea coa compañía de Eduardo Mendoza, gañador con “ Riña de gatos” e Iria Parras entendeu-se á perfección con Colm Tóibín, gañador coa súa obra “Brooklin”, na modalidade de lingua estranxeira..